

TEMA 27 – OS PRINCIPAIS SECTORES INDUSTRIAIS E O PAPEL DO FERROCARRIL¹

ORIENTACIÓNS DA PAU:

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá demostrar que coñece xenericamente as dificultades do proceso de industrialización en España e que identifica os sectores pioneiros e as áreas xeográficas en que se localizan (industria téxtil, centrada en Cataluña, e siderúrxica –individualización dos tres focos clásicos–). Respecto ao papel xogado polo ferrocarril, deberá vinculalo coa Lei de Ferrocarrís como impulsora do mesmo, así como analizar as principais características da rede ferroviaria española e as súas consecuencias. Neste punto será interesante valorar a súa relevancia como estimulador ou non da industrialización española.

Os documentos obxecto de comentario farán referencia a:

- Industria téxtil: características, proceso de desenvolvemento, efectos e consecuencias.
- Minaría e siderurxia: características, proceso de desenvolvemento, efectos e consecuencias.
- Ferrocarril: características, proceso de desenvolvemento, efectos e consecuencias.

1. TRAZOS DO PROCESO INDUSTRIALIZADOR

O desenvolvemento industrial do s. XIX en España presenta dúas características principais. Por un lado, conta con fortes **desequilibrios rexionais**, convivindo zonas industrializadas e urbanizadas (Cataluña, País Vasco e Asturias) con outras atrasadas e rurais e, polo outro, o **proceso de industrialización tardío** respecto a Europa. Entre as causas desta situación podemos mencionar as seguintes:

1. Escasas transformacións nos sistemas agrarios que non permitiron á agricultura actuar de motor da modernización do resto de sectores económicos como sucedeu noutros países europeos.
2. Un mercado interior débil, debido á pobreza do campesiñado e aos baixos ingresos do proletariado.
3. Lentitude nos cambios lexislativos de carácter económico.
4. Malas comunicacións interiores que dificultaban o comercio.
5. A falta dunha burguesía emprendedora que opte polos investimentos inmobiliarios e especulativos máis que nas actividades produtoras.
6. Dependencia española de países estranxeiros en tecnoloxía e enerxía.
7. Inestabilidade política que crea un clima pouco propicio para os investimentos.

2. A INDUSTRIA TÉXTIL

Cataluña constituíu a principal zona industrial de España, e tamén a máis diversificada, sendo pioneira da industrialización no sur do continente europeo. O seu desenvolvemento estivo fortemente ligado ao sector téxtil, constantemente renovado coa introdución do algodón, a mecanización de tarefas, o emprego dos novos motores mecánicos, o reinvestimento dos capitais obtidos e o espírito de empresa por parte dos propietarios das fábricas.

Entre os factores que favoreceron o desenvolvemento da industria téxtil catalá, podemos destacar:

1. A **tradición manufactureira** e o temperán despegue industrial de Cataluña no século XVIII, o que lle outorgou unha vantaxosa posición de partida.
2. A existencia de capitais e a **iniciativa empresarial** da burguesía catalá, que soubo modernizar as súas industrias coa incorporación constante de novas máquinas e novas técnicas de produción.
3. A **protección arancelaria**, que lle permitiu, tras a perda do mercado colonial americano desde 1824, orientar a súa produción ao mercado nacional sen a competencia inglesa, así como a Cuba e Porto Rico, supoñéndolle outro duro golpe a súa independencia a finais do século XIX.

En Cataluña, a partir da década de 1830, introducíronse as máquinas de vapor para mover os teares. As primeiras foron as da fábrica Bonaplata de Barcelona, en 1832. Esta fábrica será, tamén, das primeiras

¹ O texto baséase no manual de Historia de España da editorial Baía, no material de Paco Orge Ventín e no Miguel Abaira, [https://drive.google.com/file/d/1rzLuJy-rTL_EBzg9wW1DAkljM0Mkch1C/view].

en vivir un episodio ludista (1835). Créanse así, as primeiras fábricas modernas nas comarcas de Barcelona e Manresa, próximas ao porto de Barcelona, por onde se introducían as materias primas, como o algodón e o carbón. A partir da década de 1870, coa intención de aforrar custos enerxéticos e aproveitar a enerxía hidráulica, creáronse novas industrias téxtiles nas concas dos ríos Llobregat ou Besós seguindo o modelo de colonias fabrís. A produción téxtil tiña como destino o mercado interior, Cuba e Filipinas.

Este desenvolvemento industrial creou en Cataluña unha clase burguesa rica e poderosa que fixo moi visible o seu poder na cidade de Barcelona, encargando as súas vivendas a arquitectos modernistas como Antoni Gaudí.

Outras industrias téxtiles destacadas en España, foron:

1. A **industria da la**, que se desprazou dos centros tradicionais localizados nas zonas gandeiras de Castela e León cara a industrias modernas situadas nas cidades de Sabadell e Tarrasa.
2. A **industria da seda**, que tiña unha longa tradición en Valencia, Murcia e Granada, pero que tamén se trasladou a Cataluña.
3. A **industria do liño**, centrada en Galicia, que non soubo ou non puido adaptarse ás novas técnicas e acabaría por declinar irremediabilmente.

3. A SIDERURXÍA E O SECTOR MINEIRO ANDALUCÍA E LEVANTE

A siderurxia española tivo un desenvolvemento accidentado, debido, sobre todo, á inexistencia en España de carbón de calidade e á insuficiente demanda de produtos siderúrxicos. Ademais, ao longo do século XIX a localización da industria siderúrxica foi cambiando, podéndose diferenciar varias etapas na súa evolución e localización xeográfica:

1. **A etapa andaluza.** Os primeiros altos fornos españois creáronse na década de 1830 en Málaga, Marbella e Sevilla reforzados polas guerras carlistas que dificultaban a explotación mineira no norte. A súa decadencia comeza na década de 1860 pola falta de competitividade co ferro do norte. O seu inconveniente era a carencia de carbón mineral, polo que debía utilizarse unha gran proporción de carbón vexetal, moito máis caro.
Andalucía e Murcia tamén destacaron pola riqueza das industrias mineiras, pero na maioría dos casos a súa explotación foi realizada, desde 1868, por empresas de capital estranxeiro, como as empresas francesas *Tharsis Sulphur* ou *Peñarroya* e a inglesa *The Río Tinto Company Ltd.*
A crise do sector siderúrxico, que coincide coa do sector téxtil en Andalucía e Levante resultará na reorientación da actividade económica cara o sector agrario (aceite, vides e cítricos).
2. **A etapa asturiana.** Desenvolveuse entre os anos 1860 e 1880, en torno ás concas carboníferas de Mieres e Langreo, pero o carbón desta zona non era de gran calidade. Os primeiros altos fornos construíronse en 1848 (*Altos Hornos de La Felguera*, máis tarde ampliados coa fundación da empresa *Duro-Felguera*). A súa proximidade ás minas de Mieres e Langreo permitiu abaratar a produción de ferro e crear diversas industrias metalúrxicas. Pero o proceso industrializador asturiano presentou numerosas dificultades derivadas, principalmente, da calidade do mineral (escasa capacidade calorífica) e do tipo de minas (soterradas). Para defender o sector aplicouse unha política proteccionista que facilitou o seu crecemento, aínda que de forma artificial.
3. **A etapa biscaíña.** A industrialización xirou arredor da explotación do mineral de ferro, moi abundante e de boa calidade (minas a ceo aberto de Somorrostro). A siderurxia vasca xurdiu en Bilbao en 1860 (*Altos Hornos de Ibarra*), e tras superar as dificultades relacionadas coa Terceira Guerra Carlista (1868-1876), a ría de Bilbao converteuse no maior foco siderúrxico español. Alí instaláranse as maiores empresas do sector, encabezadas desde 1902 por *Altos Hornos de Vizcaya*. Unha das claves do éxito da siderurxia biscaíña estivo no destacado papel do eixe comercial Bilbao-Cardiff (Gales): Bilbao exportaba ferro e compraba carbón galés, máis caro, pero de mellor calidade e, por tanto, máis rendible que o asturiano.
O dinamismo comercial vasco contribuíu a potenciar o sector naval (barcos) e tamén a que xurdira un sector financeiro (banca) moi potente (xerme do actual BBVA, por exemplo).

4. A INDUSTRIALIZACIÓN EN GALIZA

Galiza apenas logrou desenvolverse no plano industrial. No sector téxtil había unha produción galega de liño, que non logrou competir co algodón catalán. Na siderurxia, a produción de ferro nas montañas de Lugo non logrou tampouco competir co ferro producido en Euskadi ou no resto de Europa. O sector máis destacable e punteiro no conxunto Estado foi a **industria conserveira de peixe**, xurdida no s. XIX en torno ás Rías Baixas, da man de empresarios cataláns e centrada sobre todo na sardiña. Esta puxante industria da conserva, á súa vez, favoreceu a finais do século o desenvolvemento do sector naval en cidades como Vigo.

5. A REDE FERROVIARIA

Fronte a estes problemas de atraso e desigual industrialización, os liberais foron aprobando leis como a da supresión de aduanas interiores, e procurando mellorar as comunicacións terrestres para dinamizar un mercado interior cada vez máis integrado. Neste contexto podemos encadrar tamén a construción do ferrocarril

O ferrocarril foi o símbolo do progreso e modernización no s. XIX pero, igual que a industria, chegou máis tarde a España que a outros países europeos. A construción dos camiños de ferro en España presenta dúas características particulares: un trazado radial desde Madrid cara a periferia e un ancho de vías maior que os países europeos (ancho ibérico) .

Se ben o primeiro tramo de ferrocarril español se inaugurou en Cuba en 1837, as primeiras liñas construídas na península estréanse en 1848 cun pequeno tramo entre Barcelona e Mataró ás que lle seguirá o tramo Madrid-Aranxuez e Langreo-Xixón. Porén, o verdadeiro pulo á rede ferroviaria deuse no contexto do Bienio progresista. En 1855 apróbase a **Lei Xeral de Ferrocarrís** que regularizaba a construción e explotación dos tramos de vía. Esta lei estaba en estreita relación con outras simultáneas que, en gran medida, se orientaban a impulsar o progreso da construción ferroviaria: a **Lei de Desamortización Xeral de Madoz**, que proporcionaría fondos ao Estado con que poder atender axudas e subvencións; a **Lei de Bancos de Emisión** e a **Lei de Sociedades de Crédito**, que facilitarían o seu financiamento. Estas iniciativas impulsaron o investimento de capital, sobre todo francés, necesario para construílo, perdéndose así a oportunidade de facelo con materias ou empresas españolas.

O resultado foi un rápido ritmo de construción nos primeiros dez anos, debido fundamentalmente á afluencia masiva de capital, tecnoloxía e material estranxeiros. As compañías máis importantes (Madrid-Zaragoza-Alicante, Ferrocarril del Norte, Sevilla-Jerez-Cádiz) eran de capital maioritariamente francés. Pero tamén houbo compañías importantes con predominio de capital español, sobre todo nas liñas que partían de Cataluña (Barcelona-Tarragona-Francia, Barcelona-Zaragoza-Pamplona, Tarragona-Valencia-Almansa). Porén, a partir de 1866 este pulo construtivo parálizase debido á crise financeira, que foi un dos antecedentes da Revolución de 1868. En 1876, coa Restauración, comeza o último pulo construtor do século XIX, no que grande parte dos novos trazados conectaban as zonas mineiras co resto do Estado, debido ao desenvolvemento da minería.

A valoración xeral que se lle concede ao ferrocarril no desenvolvemento económico de España é obxecto de **controversia entre os historiadores**. Para uns, o seu papel foi considerable, pois nun país con graves dificultades orográficas permitiu a comunicación interior e facilitou o transporte de mercadorías. Para outros, os efectos foron inferiores aos que se podían esperar, debido á mala política estatal que permitiu a importación de material ferroviario, con grave prexuízo para o desenvolvemento do sector siderúrxico español.